



Abril 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

O SLG pide paralizar un novo plan de forestación de terras

Como se sobrase a superficie agraria útil en Galiza, a Consellaría de Medio Ambiente está a cociñar un novo plan para fomentar a forestación de terras agrarias. O Sindicato Labrego non o dubidou á hora de pedir a súa inmediata paralización, pois poñería en serio perigo o desenvolvemento do noso xa danado agro. **Páx. 7**

■ Aldea Global

A Ministra de Agricultura négase a recibir ao Sindicato Labrego

Todos os ministros de Agricultura recibiron ao SLG para escoitar as súas propostas. Elena Espinosa, a pesares de levar un ano no cargo, e de terllo pedido por escrito, aínda non quixo sentarse a falar cunha organización que representa ao 25% dos labregos e labregas de Galiza. **Páx. 9**

■ Muller

A parroquia de Galegos celebra o Día da Muller Traballadora

María do Carme Ferreiro escribe unha crónica para este Fouce relatando os pormenores da celebración do Día da Muller Traballadora en Galegos (Frades), onde máis de medio cento de mulleres do SLG participaron nunha festa con xogos, música, xantar e tamén traballo. **Páx. 12**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

A fin do mercado privado de cota láctea cumpre cunha demanda histórica do SLG

■ O Goberno suprime a compravenda de cota láctea entre particulares, que mantivo nos últimos anos un mercado que favoreceu as prácticas especulativas e mafiosas.

■ O SLG traballa para que o Plan de Reestruturación do Sector Lácteo, que se aprobará nas vindeiras semanas, sexa o máis beneficioso posíbel para as explotacións galegas **Páxs. 2, 3 e 4**



O SLG transmite ao Parlamento as súas propostas para a mocidade da Galiza rural

O Secretario de Organización do SLG, Xoán Monasterio, foi o encargado, o pasado 14 de marzo, de transmitir ás tres forzas políticas do Parlamento Galego os problemas que padece a mocidade labrega. Fíxoo ante a Comisión non permanente de estu-

dio da situación da mocidade en Galiza, coa lectura dun documento que analizaba polo miúdo a situación dos mozos e mozas, que son cada vez menos á hora de incorporarse á profesión labrega a pesares do peche constante de explotacións. **Páx. 5**



Fouce estrea unha nova sección centrada no sector vitivinícola galego

A partir deste número, Fouce publicará unha sección fixa dedicada ao sector vitivinícola. Nela poderanse ler artigos de opinión, entrevistas, e as últimas novidades que afectan ao sector en Galiza. Nesta ocasión, inclúese un

artigo de Francisco Xosé Núñez Sánchez, vocal da DO Valdeorras; unha entrevista ao viticultor do Ribeiro Clodomiro Montero; as últimas novas nas comarcas vitivinícolas galegas; e varios anuncios. **Páxs. 10 e 11**

O SLG critica o control exercido polos cebadeiros sobre a IXP Ternera Gallega

As cifras do ano 2004 confirman o dominio que exercen os cebadeiros industriais sobre a IXP Ternera Gallega: da carne certificada, o 60% foi de cebadeiros e só o 38% de Suprema; en tanto que o número de reses identificadas

dos cebadeiros superou por primeira vez ás de Suprema. A pinga que colma o vaso é que agora pretenden condear á carne de Suprema de reses con máis de oito meses a venderse coa saída dos dos cebadeiros. **Páx. 6**



O SLG chega as demandas galegas ao Plan de Reestruturación Lácteo

Cúmprese unha das demandas históricas do SLG ao suprimirse a compravenda privada de cota láctea

O Plan de Reestruturación do Sector Lácteo é, sen dúbida, a máis importante noticia no sector lácteo nos últimos anos. Aínda que non se publicou aínda, si que se discutiu coas diversas organizacións agrarias do Estado, entre as

que estivo o SLG a través da COAG. Nos últimos días, houbo dúas reunións case consecutivas da Dirección do Leite do Sindicato Labrego para poder chegar as demandas das explotacións lácteas galegas.

O Plan de Reestruturación do Sector Lácteo do Goberno consistirá en tres medidas. A primeira será o peche do mercado privado de compravenda de dereitos; a segunda, un plan de abandono indemnizado e, en terceiro lugar, a venda de cota a través do Fondo Estatal.

Así, o mercado privado de cota será substituído por dous elementos:

■ **Plan de abandono indemnizado:** o proxecto presentado ás organizacións agrarias fala dun plan de abandono voluntario e indemnizado da produción para o período 2005/06.

Aínda que o importe da indemnización aínda non se definiu, fálase dunha contía entre 45 e 50 céntimos por quilo de cota (o Goberno podería decantarse por fixar 48 céntimos por quilo). Estes cartos poderían aumentar entre un 5% e un 10% para as explotacións que abandonen con menos de 70.001 quilos; e reducirse outro tanto para as que teñan máis de 400.001 quilos.



A Dirección Nacional do Leite do SLG reuniuse en dúas ocasións nas últimas semanas

■ **Venta de cota láctea a través do Fondo Estatal:** en canto remate o Plan de Abandono, o Goberno venderá da cota láctea que obtivo dos programas de abandono entre o 2004 e o

2006 e da Reserva Estatal.

Á hora de poder adquirir cota, haberá unhas explotacións que serán prioritarias. En principio, serán aquelas que non acaden a media do Estado, que está en

177.000 quilos. Ese límite multiplicarase polo número de activos. As explotacións prioritarias pagarán polo litro de cota a metade do que lle custou ao Goberno no Plan de Abandono.

Un intenso traballo do Sindicato Labrego ao longo das negociacións

O Sindicato Labrego Galego recibiu con esperanza os trocos na xestión da cota láctea, aínda que non son a alternativa defendida polo sindicato, que mantén que os dereitos non poden ter valor de mercado e deberían ser gratuítos.

Foi unha reivindicación histórica do SLG a supresión do mercado de cota láctea fomentado por gobernos anteriores (PSOE e PP) e que propiciou a aparición de mafias e a especulación cos dereitos para producir. Isto fixo que os prezos da cota se inflasen, impedindo a moitas explotacións aumentar a súa capacidade produtiva e condenándoas ao peche. Por esta razón, o SLG valorou como un avance importante as medidas do Goberno fronte á situación caótica actual.

Dende un comezo, o SLG seguiu moi

de preto todas as negociacións co Ministerio, e fixo as súas achegas a través da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). Para iso, foi necesario que a Dirección Nacional do Leite do SLG se reunise e dúas ocasións en menos dun mes: a primeira foi o 21 de marzo, e seguiu unha segunda o 4 de abril.

Grazas a estes encontros, o Sindicato Labrego Galego chegou a súa disconformidade con aspectos do plan, como algúns baremos á hora de conceder cota láctea que tiña o anterior Goberno, contradictorios co tipo de explotación prioritaria.

Ademais, aínda que se ten en conta a base territorial da explotación, este baremo fica coxo ao non ir acompañado de políticas que favorezan maior mobilidade de terras, ou máis facili-

dade para poder ampliar ou manter a superficie agraria útil.

Por outra banda, a proposta do SLG vai máis alá dos 177.000 quilos de cota por activo para que unha explotación sexa prioritaria. Se queremos beneficiar realmente a moitas explotacións lácteas galegas, deberían ser prioritarias as que teñan menos de 150.000 quilos de cota, sumando só 100.000 por cada activo agrario a maiores.

O Plan tampouco deixa claro se as explotacións que superen os quilos de cota establecidos para ser prioritarias terán bonificacións na cota ou non.

O SLG tamén incidirá en que se mantéña como baremo puntuábel o que dá prioridade ás mulleres á hora de mercar cota, unha discriminación positiva necesaria para atallar a desertización do medio rural.

Xabier Gómez Santiso, Secretario de Acción Sindical nos Sectores Gandeiros do SLG

“As medidas do Goberno na xestión da cota láctea veñen con máis de dez anos de atraso”

Xabier Gómez Santiso leva unha temporada movida por mor dos trocos que o Goberno está preparando para o sector lácteo. Como responsábel da acción sindical nos sectores gandeiros

do SLG, tivo que coordinar os diversos encontros da Dirección Nacional do Leite e as achegas que a afiliación e a Executiva do Sindicato Labrego quixeron facer ás reunións de Madrid co

Ministerio. Con el falamos de todos estes cambios que se aveciñan, e cos que se cumpre unha das reivindicacións históricas do SLG: abolir o mercado privado de cotas.

■ **No mes de marzo, o Ministerio de Agricultura introduciu importantes trocos no sistema de xestión da cota láctea. ¿En que consistirán?**

Basicamente foron dous. Os gobernos anteriores privatizaron a Reserva Nacional de Cota Láctea, e agora volve facerse pública. Ese foi o troco máis importante.

O outro cambio é unha consecuencia deste: elimínase o mercado privado da cota láctea, a compravenda de dereitos, un dos piares fundamentais da reconversión á que se estaba a someter ao sector nos últimos tempos.

Ao desaparecer este mercado, desaparece do sector a cota láctea coma valor e, con iso, a especulación que nestes intres había. Cómpre ter en conta que mesmo existían mafias dedicadas a traficar con cota, mercándoa para vendela e sacarlle grandes marxes de beneficio.

■ **¿Que se sabe das medidas concretas?**

Vanse establecer unhas explotacións cunhas determinadas características como prioritarias que, en principio, serán as que teñan unha produción menor de 177.000 quilos por unidade de traballo.

Tamén se fala dun Plan de Abandono do que non se sabe aínda canto pagará o Goberno por litro de cota; en calquera caso, máis de 45 céntimos.

Así, as explotacións lácteas prioritarias poderán mercar cota do Fondo Estatal (dereitos que veñen dos abandonos) e levarán gratis unha parte da Reserva que podería ser superior ao dobre de cantidade que merquen. Con estes trocos, ás explotacións prioritarias a cota saíralles a menos da



Gómez Santiso coordinou os esforzos para achegar as demandas de Galiza ao Ministerio

metade do prezo do Plan de Abandono.

■ **¿E que pasa coas explotacións labregas que gastaron parte do seu capital investindo en cota?**

Unha boa cantidade de explotacións galegas gastaron moito en cota, mesmo en

debedándose, e poden entender que perden parte do seu patrimonio. Isto é así porque esta medida aplícase con máis dunha década de atraso. A cota láctea nunca debería ter entrado no mercado privado, pois se non chega ser por iso teríamos

hoxe un sector moi diferente, con moitas máis explotacións, máis futuro, e cun reparto dos dereitos de produción máis equitativo.

Hai que ter en conta que o mercado de cotas concentrou moito os dereitos de produción nunhas poucas

explotacións, que eran as que tiñan máis cartos e máis cota. Pola contra, moitas tiveron que pechar por non ter para investir.

■ **¿Que conclusión xurdiu dos encontros da Dirección do Leite do SLG?**

Houbo unanimidade ao dicir que estas medidas van ser positivas para o sector e que, incluso, non tiñan por que prexudicar a ninguén, nin sequera a aquelas explotacións que investiron en cota.

Neste senso, na Dirección do Leite hai persoas que investiron moito en cota, e puideron criticar que estes trocos supoñen para eles unha perda de patrimonio. Pero non foi así, xa que valoraron que os prezos xurdidos da especulación eran artificiais e que, agora, o prezo fixado no plan de abandono vai ser seguro; ademais, tamén tiveron en conta o futuro e, sendo sabedores de que é probábel que o día de mañá teñan que volver investir en cota, estes cambios tamén lles favorecen.

“A xente entrou no mercado privado de cotas por non ter máis alternativa”

■ **Con estes trocos cúmprese unha reivindicación histórica do SLG.**

Certo. Tanto a desaparición do mercado libre de cotas, como a non privatización da Reserva Nacional, e tamén que sexa esta última quen reparta cota a todas as explotacións que a necesiten e a recolla daquelas que abandonan. Estas son reivindicacións históricas do SLG que se manteñen dende que apareceron as cotas a comezos dos anos noventa.

A política sempre foi ao contrario disto, sobre todo a partir de 1996 co PP, que privatizou a Reserva e o mercado de cotas, e incluso ameazaba coa supertaxa para que se entrase de cheo no mercado. A xente entrou no mercado de cotas por non ter outra posi-

bilidade de aumentar a produción.

Por desgracia, o prezo do leite seguiu sempre á baixa, con niveis de 1989; e os custes de produción seguiron aumentando. Así, a ganancia por litro cada vez foi menor, e para manter o nivel de renda as explotacións tiveron que aumentar a produción e mercar cota. Isto provocou que se endebedasen, volvendo caer a súa rendibilidade.

■ **¿Xurdiu algunha táboa reivindicativa das reunións do leite?**

Nós avaliamos varias alternativas, pero non todas son posíbeis. Unha consistía en que os prezos da cota fosen graduais, sendo menor para as explotacións con menos cota e menor capacidade produtiva, e aumentando

a medida que medrase a cota ata chegar ás non prioritarias, que deberían pagar ao prezo de abandono. Pero isto non é posíbel por un regulamento europeo obriga a que a cota da Reserva debe ser vendida ao prezo do abandono, ou gratis. De todos xeitos, o SLG segue defendendo que a cota debe ser gratuítas para as explotacións prioritarias.

Outra das reivindicacións nosas é que se destine cota para apoiar a incorporación de xente nova que se incorpora á actividade, mesmo para aqueles que non teñen ningunha, aínda que, se somos realistas, é pouco probábel que un mozo ou unha moza poidan crear unha explotación láctea dende cero.

Editorial

Acabar coa especulación e o mercado libre de cotas: un primeiro paso en positivo

O Sindicato Labrego Galego (SLG) sempre defendeu, e segue a facelo, que os dereitos de produción non deben ter valor de mercado. A libre compravenda de cota láctea que existía ata o de agora xerou indefensión, especulación, encarecemento desorbitado dos dereitos de produción e excesivo endebedamento das explotacións leiteiras. De todos xeitos, o SLG tamén ten claro que quen mercou cota debe percibir unha compensación económica ao transferila.

Que o actual mercado privado de cotas foi un dos factores nefastos para o sector -non hai que esquecerse dos prezos- demostrano os datos: nos anos 1990, 91 e 92 víñanse incorporando ás explotacións unha media de 750 mozos e mozas cada ano en Galiza; no ano 2003, só se incorporaron 150 en todo o país. Só en Galiza, pecharon máis de 40.000 explotacións lácteas na última década, unha reconversión brutal que eliminou milleiros e milleiros de postos de traballo e condenou ao noso medio rural á desertización.

Dende hai uns meses, o sector lácteo está asistindo a unha auténtica cerimonia da confusión. A través de diversos medios e organizacións fixéronse públicas numerosas novidades como a existencia de peaxes nas transferencias de dereitos, prohibición ou non da compravenda, etcétera. Isto creou alarma e incerteza e, dende logo, todas estas contradicións foron negativas para un sector que está inmerso nun abandono xeneralizado debido ás políticas agrarias que puxeron, e seguen a poñer, ao límite da viabilidade a miles de explotacións.

Oficialmente, o 19 de marzo publicouse o Real Decreto 313/2005 que abría o período para transferir cota dende o 1 ata o 8 de Abril do 2005 e, ao mesmo tempo, impedía que os titulares de explotacións que recibiron asignacións da reserva nacional nos últimos cinco anos puidesen transferir ou ceder esa cota. Ademais, estas asignacións non pasarán a ser propiedade dos beneficiarios. Pero, ¿que pasará despois do 8 de abril?

Ademais, elimínase a

compravenda privada de dereitos, que pasa a ser oficial, cun prezo a fixar nas distintas convocatorias anuais, e con novas prioridades para poder acceder á reserva nacional. O Ministerio de Agricultura abriu tamén a posibilidade de que, para mercar no fondo coordinado de cotas, ou para recibir da reserva, teña que haber unha relación entre cota e superficie agraria útil.

Para o SLG, regular os prezos de acceso á cota e dotar a reserva nacional para un reparto sen custo son pasos positivos. Tamén é positivo que a produción teña unha relación axeitada coa superficie para alimentar ao gando, pero isto obriga a facer políticas adecuadas ao respecto.

A Dirección Sectorial do SLG, celebrada o 21 de marzo, acordou esixir do Ministerio que publique inmediatamente a nova normativa para que os produtores e productoras poidamos planificar a nosa actividade tendo

clara a nova situación. Acordamos, así mesmo, que os criterios para o novo acceso ao fondo de cotas e á reserva nacional sirvan para facer viábeis todas as explotacións existentes e, para isto, é preciso que as pequenas e medianas, así como a mocidade, teñan prioridade no reparto, sobre todo da reserva nacional gratuíta.

En canto á relación entre cota e superficie agraria útil, o Ministerio ten que coordinarse coa Xunta de Galicia para facer unha ordenación que aumente a superficie agraria útil, declarándoa de especial protección e creando mecanismos adecuados para que as explotacións poidan acceder á terra. Para iso, é imprescindible que a Xunta retire o proxecto da orde de forestación de terras agrarias, que deixaría ás explotacións galegas case sen superficie. Se realmente queren facer algo polo medio ambiente, deberían repoboar zonas de monte non plantadas e en perigo de erosión, e non deixar ás explotacións sen territorio.



O SLG transmite ao Parlamento varias propostas para a mocidade labrega

O Secretario de Organización, Xoán Monasterio, analizou nunha comisión a problemática da xente nova

O Secretario de Organización do Sindicato Labrego Galego, Xoán Monasterio, foi o encargado, o pasado 14 de marzo, de transmitir ás tres forzas políticas do Parlamento Galego

os problemas que padece a mocidade labrega. Fíxoo ante a Comisión non permanente de estudo da situación da mocidade en Galiza, coa lectura dun documento no que se analizaba polo

miúdo a situación dos mozos e mozas, que son cada vez menos á hora de incorporarse á profesión labrega, dato que contrasta co peche continuado de miles de explotacións.

Xoán Monasterio enumerou un total de sete causas fundamentais para que a mocidade non queira ficar no medio rural:

■ **Desvalorización da profesión labrega:** Ser labrego ou labrega está mal visto e supón equipararse a escalas sociais máis baixas, xa que a renda no sector agrario está moi por debaixo da renda media na sociedade.

■ **Problemática das políticas agrarias:** Aquí, o Secretario de Organización do SLG fixo una referencia directa á Política Agraria Común (PAC), que aplican tanto o Ministerio como a Consellería. Nesta política "prímase un modelo de produción intensivo e agresivo co medio e coas persoas, baseado en criterios de competitividade e rendibilidade económica". Isto fai que o devandito modelo agrario non lle dea importancia ao mantemento da actividade agraria, que debería ser "o eixo fundamental para manter poboación".

Ademais, este modelo fai que a mocidade que fica na terra, en troques de seren labregos e labregas, rematen sendo "operarios da agroindustria pero, a diferenza doutros traballadores, poñendo o investimento, a man de obra e o risco".

Dentro deste apartado, Monasterio destacou como un dos principais atrancos para a incorporación de xente nova á actividade agraria "a caída sistemática no prezo dos produtos que perciben os labregos e labregas, fronte a un incremento continuo do prezo que pagan polos alimentos os consumidores e consumidoras, mesmo nos produtos sen transformar".

■ **Acceso á terra:** Outro dos graves problemas que impide novas incorpo-



Xoán Monasterio, segundo pola dereita, explicou á Comisión os problemas da mocidade

racións á actividade agraria, e que se traduce en que, a pesares da continua desaparición de explotacións, a superficie agraria útil por explotación non medra. Al-

gunha das causas disto pódense atopar na presión urbanística e na política de forestación de terras agrarias levada a cabo pola Xunta.

■ **Acceso á vivenda:** Esta

problemática vén dada porque moitos mozos e mozas que quedan a traballar na terra deben vivir na mesma casa cós seus pais, vendo a súa autonomía limi-

As propostas de apoio do Sindicato Labrego Galego á mocidade

► **Plan de ordenación do territorio.**

► Creación dun **banco de terras** e fomento e potenciación do arrendamento das mesmas.

► Medidas de **discriminación positiva** para favorecer a cotitularidade nas explotacións.

► Reforma da **Seguridade Social Agraria** na que a cota se estableza en función da renda real da explotación, de xeito que se garanta que todas as persoas que traballen na mesma poidan cotizar.

► Favorecer o **acceso á vivenda** dos mozos e



As propostas do SLG deberían servir para crear políticas que faciliten a incorporación de xente nova ao agro

mozas no medio rural.

► Manter e mellorar a rede de **servizos públicos** no medio rural

► Creación de **servizos asistenciais** para persoas maiores e servizos de gardería no medio rural.

tada; e iso sen contar cos problemas naturais que poden xurdir polas diferenzas xeracionais.

■ **Acceso aos servizos:** O medio rural galego está a sufrir o desmantelamento dos servizos públicos básicos (sanidade, educación, transporte, etcétera), o que fai que cada vez sexa máis precario vivir no campo. A isto únese que as actividades de lecer concéntranse nas vilas, o transporte escolar é cada vez máis deficitario, o acceso a Internet difícil, ou que cada vez están menos dotadas as oficinas agrarias comarcais.

■ **Falta de socialización:** Esta é unha das consecuencias do despoboamento rural, e consiste en que á mocidade labrega lle resulta cada vez máis difícil relacionarse con xente da súa mesma idade. En canto á rapazada, lle é difícil poder asistir ás actividades extraescolares.

■ **Problemática específica das mozas labregas:** As mulleres labregas adoitan a asumir, ademais dos traballos derivados do fogar e da explotación, o coidado das persoas maiores e da rapazada, o que fai que moitas mozas prefiran buscar o seu medio de vida fóra das aldeas.

Ademais, as mozas labregas tamén deben cargar co costume de que só teña Seguridade Social o varón cando os ingresos da explotación non chegan para manter dúas cotizacións; ou coa cuestión da cotitularidade, sobre todo para mozas que se incorporan a explotacións nas que o titular é home. Pode ocorrer, neste último caso, que despois de pasar media vida traballando na explotación -en caso de separación, divorcio ou viuvez- quede a muller na rúa e sen dereitos de produción.

Medra o control dos cebadeiros industriais na IXP Ternera Gallega

A carne certificada e as reses dos cebadeiros industriais dominan a Indicación Compostela acolleu, o pasado 29 de marzo, un encontro sectorial da carne de vacún coa Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega, que se reuniu con representantes de sindicatos, cooperativas, técnicos e produtores. O motivo central da xuntanza foi a creación dunha nova calidade en Ternera Gallega: a Suprema de Tradición Familiar.

O Sindicato Labrego, a través do seu vocal na IXP, Xosé Álvarez Lombardero, manifestou a súa negativa a que se divida a Suprema en dúas categorías, xa que prexudicaría gravemente os intereses desta cualificación, que ao partirse en dous podería sufrir unha perda de prestixio.

Polo demais, Lombardero salientou que o problema non está no nome que se lle deba dar á Suprema, senón na súa diferenciación clara diante os consumidores e consumidoras e con respecto á carne producida en cebadeiros industriais.

O debate xurdiu no tema da idade das reses a sacrificar, que na nova cualificación de Tradición Familiar deberían ser menores de oito meses. Aquí xérase un problema, e é que a carne Suprema con máis de oito meses, pasaría a comercializarse como Ternera Gallega convencional, coa mesma categoría có produto obtido do cebo industrial.

Lombardero lembrou que foi, precisamente, a calidade Suprema quen lle deu o prestixio que ten hoxe á Indicación Xeográfica Protexida, e que é intolerábel poñer no mesmo saco a carne producida industrialmente e por negocios, alimentada con pensos e tratada con todo tipo de fitosanitarios; coa carne producida por explotacións familiares e alimentada con forraxes naturais.

60% da carne certificada, de cebadeiro

A pesares desta crítica, nin Política Agroalimentaria nin a IXP amosaron a súa intención de distinguir diante da cidadanía a carne dos cebadeiros industriais da obtida segundo os requisitos da Suprema. Esta foi unha boa mostra do dominio dos cebadeiros industriais sobre a IXP, e que se expresa na cantidade de carne certificada no 2004: de todas as certificacións, o 60% foi de carne saída de cebadeiros indus-



Xosé Álvarez Lombardero defendeu que se distinga claramente a Suprema da carne dos cebadeiros industriais

triais, e só o 38% veu de explotacións que producen segundo os requisitos da Suprema. Outro dato significativo é que no 2004, por primeira vez a identificación de animais de cebadeiros superou á das reses de Suprema dentro da IXP.

Para o SLG, estase estafando ás persoas que mercan a carne, pois levan moitas veces para a casa un produto de cebadeiros industriais que se aproveita do prestixio que lle deu e lle dá á IXP a Suprema.

O SLG ve como principal problema da IXP este dominio, cada vez máis grande, que exercen os cebadeiros industriais sobre Ternera Gallega e, dende logo, non vai admitir baixo ningún concepto que se venda carne producida coas esixencias da Suprema coa mesma etiquetaxe e certificados que a producida en cebadeiros industriais.

Dende o SLG, vaise seguir loitando para que se lle dea á cidadanía toda a información necesaria para que distinga unhas carnes de outras e, para iso, seguirá insistindo en que se identifique a carne de produción intensiva e industrial como Ternera Gallega de Cebadeiro.

Galiza puido sufrir 5.000 lumes forestais no que vai de ano

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), e á espera de que a Xunta faga públicas as cifras oficiais, estimou que, no que vai de ano, poderíanse ter rexistrado 5.000 lumes forestais en todo o país, 2.000 deles na provincia de Ourense.

A seca que se sufriu nos primeiros meses do 2005 propiciou que houbera estes lumes forestais.

Pola súa banda, e nun exercicio de autismo político e fuxida cara a adiante, os máximos responsábeis na loita contra o lume, entre eles o Conselleiro de Medio Ambiente, volveron esgrimir ante a cidadanía a súa socorrida tese do "terrorismo forestal" para xustificar a súa desastrosa política contra incendios. Mesmo o Presidente da Xunta, Manuel Fraga, chegou a dicir que se aproveitou o retiro do Goberno Galego no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, no concello ourensán

de Nogueira de Ramuín, para prenderlle lume aos montes galegos.

Adega denunciou que segue a ser insuficiente o esforzo na investigación dos lumes, ao non existir unha colaboración axeitada entre a policía autonómica, a garda civil e os axentes forestais.

Para Adega, a prevención debería ser o eixe da loita contra o lume, para o cal sería necesaria a promoción dunha xestión sostíbel do monte. Neste senso, chamou a atención sobre a idoneidade de apostar polo sistema de certificación forestal FSC, e volveu a rexeitar a certificación co sistema PEFC de 50.000 hectáreas de monte xestionadas pola Consellaría de Medio Ambiente. Para Adega e para o Sindicato Labrego, o sistema PEFC adoptado pola Xunta ten escasa credibilidade e está desequilibrado a favor das industrias e dos intereses produtivos.



Cada curso celebrase en varios lugares de Galiza. Se desexas máis información, pregunta na túa oficina do SLG máis achegada.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

Fundación Tripartita
PARA A PROMOCIÓN DO DESEMPREGO

HORAS

DENOMINACIÓN

30	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA ACTIVIDADE AGRARIA
30	AGRICULTURA ECOLÓXICA. BÁSICO
30	APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS. USO AGRÍCOLA
25	APLICACIÓN RACIONAL DOS MEDIOS DE PRODUCCIÓN
40	ARTESANÍA ALIMENTARIA
50	ARTESANÍA EN CERÁMICA E MADEIRA
30	CATA E ELABORACIÓN DE VIÑOS
25	CURSO BÁSICO DE INTERNET E COMERCIO ELECTRÓNICO
30	ELABORACIÓN ARTESANAL DE PRODUTOS ALIMENTARIOS
20	FRUTICULTURA
20	HIXIENE, SANIDADE E CALIDADE NA PRODUCCIÓN DE VACÚN
30	INFORMÁTICA USUARIO: INTRODUCCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS INFORMÁTICAS
60	INFORMÁTICA APLICADA A EMPRESA AGRARIA
30	NOVAS TECNOLOXÍAS NO CULTIVO DA VIDE
25	ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS
40	PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS
20	PODA DE ÁRBORES
40	RESTAURACIÓN DE MOBLES E FERRAMENTAS DO CAMPO
25	TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN
35	XARDINERÍA I: ARTE FLORAL



O SLG pide a paralización dunha nova orde para forestar terras agrarias

Medio Ambiente pretende aprobar unha lei que fomente as plantacións forestais en solo de uso agrícola

O SLG dirixiuse a catro consellarías (Medio Ambiente, Política Territorial, Política Agroalimentaria e Sanidade) para pedir formalmente a paralización da orde de fomento de forestación das

terras agrarias. De saír para adiante esta lei, estaríase a aprobar un atranco que podería ser insalvável para moitas explotacións que agora teñen serios problemas coa base territorial

da que dispoñen, e poñería moi difícil a incorporación de xente moza á actividade agraria. Se este é o desenvolvemento rural que pretende a Xunta, entón imos por mal camiño.

O Sindicato Labrego Galego (SLG) esixiu formalmente a retirada da orde que está preparando a Consellaría de Medio Ambiente coa que se pretende regular o fomento da forestación de terras agrarias, por consideralo como un forte atranco ao desenvolvemento rural, agrario e gandeiro do noso país.

Ademais, o Sindicato Labrego realizou unha rolda de contactos coas consellarías de Política Agroalimentaria, Política Territorial e de Sanidade para que paralicen esta orde e impidan o troco no uso das poucas terras agrarias que nos quedan. Isto foi así porque as consecuencias nefastas deste plan non fican só no eido medioambiental.

Asemade, o Sindicato Labrego Galego pediu que o diñeiro que se pretende empregar para este novo



As plantacións de eucalipto teñen invadido unha boa parte das terras agrarias de Galiza

plan de forestación de terras agrarias se utilice para acometer o pagamento do volume total das indem-

nizacións compensatorias para zonas desfavorecidas e de montaña, das que depende a viabilidade econó-

mica de moitas explotacións galegas; e tamén para financiar as medidas agroambientais.

Galiza está á cola da Unión Europea no índice de superficie agraria útil

Dispor de terra, de superficie agraria útil (SAU), é fundamental para manter a actividade agraria e gandeira en calquera país que queira acadar un nivel de desenvolvemento axeitado. De feito, no espazo europeo no que estamos integrados, en ningún estado está a superficie agraria útil por debaixo do 40%.

Non embargante, a Xunta de Galiza levou adiante, nos últimos anos, unha política moi agresiva de forestación de terras agrarias que provocou que, a día de hoxe, en calquera informe sobre a actividade agraria ou sobre o medio rural apareza a diminución de SAU como un problema grave.

Así, o informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal en Galiza, elaborado polo Consello Económico e Social de Galicia (CES), pon de manifesto que xa no período 1995 / 2000, a SAU galega era do 22%, fronte á SAU española que era do 51%.

Actualmente, estímase que a superficie agraria útil na Galiza está en torno ao 15%. Isto significa unha forte hipoteca para as explotacións que non poden acadar dimensións adecuadas, non poden reducir a carga gandeira, e vense na obriga de depender fortemente das empresas de alimentación animal. Por outra banda, as persoas mozas que se queren incorporar á



A política seguida polo Conselleiro de Medio Ambiente semella responder aos intereses de determinadas industrias

actividade agraria están tendo serios problemas para poder acceder á terra.

Galiza non precisa seguir fomentando a forestación de terras agrarias; pola contra, precisa todo o contrario: recuperar terras aptas para a actividade agrogandeira que na actualidade están

forestadas.

O problema da base territorial das explotacións é tan evidente que mesmo no documento "A Galiza do 2020" que ten elaborado a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) aparece como un problema importante.

Consecuencias na calidade da alimentación e na prevención de lumes

Se analizamos esta cuestión dende outras perspectivas, atoparemos que a forestación de terras agrarias xera problemas de tipo social que van alén dos estritamente relacionados coa actividade agropecuaria e afectan á cidadanía no seu conxunto:

■ **Saúde:** A esta altura, xa ninguén dubida que a base para unha boa saúde é ter unha alimentación san e nutritiva. A falta de terra leva, por unha banda, á dependencia na alimentación animal (xa vimos o que pasou coas vacas tolas) e, pola outra, á intensificación da produción (o que provoca aumento dos residuos nos alimentos e diminución do seu valor nutritivo).

O Sindicato Labrego Galego entende que a saúde non consiste só en actuacións médicas, polo que se dirixiu ao Conselleiro de Sanidade, solicitando que se posicione neste tema.

■ **Medio ambiente:** A intensificación da produción é unha importante fonte de contaminación das terras e das augas e, ademais, a falta de acceso á superficie agraria provoca un maior abandono do medio rural, co cal os incendios forestais seguirán sendo un grave problema.

Por isto, resulta abraiante que sexa o propio Conselleiro de Medioambiente, Xosé Manuel Barreiro, quen estea promovendo unha orde para fomentar a forestación de terras agrarias.

Unha coalición de organizacións forza ao Goberno a paralizar os OXMs

O Ministerio modificará o decreto do PP que permitía *de facto* a libre invasión dos transxénicos

O pasado 29 de marzo, a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, reuniase cos representantes dunha coalición de organizacións agrarias, ecoloxistas e sindicais de todo o Estado -entre elas

atopábase o SLG como única formación galega- para falar do tema dos transxénicos. O máis salientábel do encontro foi o compromiso da Ministra de paralizar o proceso de aprobación

do actual borrador do Real Decreto de Coexistencia entre cultivos manipulados e os convencionais e ecolóxicos. Deste xeito, a sociedade acada unha victoria sobre a sinrazón da industria.

De aprobarse o proxecto de lei cociñado polo PP na anterior lexislatura, teríase provocado a presenza irreversible e xeneralizada dos transxénicos na agricultura.

Polo de agora só existe un compromiso verbal de Elena Espinosa. Para que o tema non quede só en palabras, será necesario que se redacte unha lei de coexistencia que contemple normas como a tolerancia cero en cuestións como a presenza de sementes manipuladas no seo de lotes convencionais ou ecolóxicos (neste intre permítese ata un 0'1%).

Tamén segue vixente o grande problema creado pola irresponsabilidade do PP ao permitir cultivos manipulados sen ningún tipo de control que, por desgracia, seguirán sementándose este ano ao non existir aínda normas de coexistencia (32.000 hectáreas de millo manipulado Bt no 2003, cando aínda era ilegal cultivalo na Unión Europea).

As esixencias das organizacións

As organizacións que integran a coalición contra os transxénicos pedíronlle a Elena Espinosa que inclúa na nova lei de coexistencia os seguintes puntos:

■ As normas de coexistencia deben garantir que o nivel de contaminación por OXMs dos cultivos convencionais e ecolóxicos sexa o mínimo posíbel.

■ A tolerancia para a presenza de elementos transxénicos en lotes de sementes non transxénicas debe ser cero, en troques do 0'1% permitido actualmente.

■ Distancias entre leiras transxénicas e outras libres de OXMs que garantan que os cultivos convencionais e

ecolóxicos fican libres de contaminación transxénica.

■ Obriga para os labregos e labregas que sementen transxénicos, de declarar, con tres meses de antelación, a súa intención de utilizar este tipo de sementes e a localización das leiras. Ademais, esta información deberá ser pública.

■ Réxime de responsabilidade onde se especifique que os responsábeis da liberación ao medio ambiente dos OXMs sexan quen asuman os custos económicos da contaminación, excluindo aos labregos e labregas que cumprisen coa legalidade.

■ Dereito das autoridades locais e rexionais a declarar a súa zona libre de transxénicos, como estratexia de protección do medio ambiente, da paisaxe, cultura, patrimonio, sementes, prácticas agrícolas, desenvolvemento rural e futuro económico.



Viñeta cómica que alude ás plantas manipuladas para producir elas mesmas pesticidas

Austria lidera a fronte europea contra os organismos manipulados

O 10 de marzo, Austria pediu o aprazamento do cultivo comercial do millo manipulado MON 810 "ata que se resolvan as cuestións relativas a unha avaliación completa dos riscos para o medio ambiente e a un programa de vixilancia axeitado, e ata que se fixen os límites de presenza accidental de transxénicos nas variedades de sementes convencionais".

Apoiaron a Austria outros trece estados membros: Alemaña, Bélxica, Chipre, Dinamarca, Grecia, Hungría, Italia, Luxemburgo, Malta, Polonia, Suecia, Eslovaquia, e Eslovenia.

Ademais, Austria tamén reclamou a Bruxelas que retire a proposta de derogación das cláusulas de salvagarda nacionais sobre os millos MON 810 e Bt 176 "dadas as dúbidas científicas que subsisten en relación cos seus potenciais efectos prexudiciais".

O millo MON 810 é unha variedade

manipulada por Monsanto para ser resistente ao taladro. Dende 1999 está prohibido en Austria polos seus posíbeis efectos nocivos noutros insectos. En Hungría decretouse un embargo contra este millo, e podería acontecer o mesmo en Eslovenia e Polonia.

Na outra cara da moeda atopamos á Comisión Europea, que vén de amosar abertamente as súas intencións no terreo dos transxénicos. Así, o 22 de marzo a nova Comisión de Durão Barroso declarou a favor de axilizar as aprobacións de organismos xeneticamente manipulados.

Esta posición revela un fondo divorcio entre o Exe-cutivo Comunitario e os estados membros: mentres que os 14 países devanditos manteñen a súa posición en contra dos transxénicos, outros cinco abstéñense habitualmente (España,

Reino Unido, Eslovenia, Irlanda e República Checa), polo que son só seis estados dos 25 os que apoian os OXM.

A pesar de seren minoría, a Comisión Europea xa dixo que seguirá aprobando o máis rápido posíbel expedientes sobre transxénicos sobre os que non haxa maioría suficiente entre os países comunitarios.

Isto non é nada novo, pois é algo que a Comisión vén facendo dende maio do 2004, cando rachou unilateralmente a moratoria.

Esta política propicou que haxa actualmente, na Unión Europea, 18 transxénicos autorizados para alimentos, e nove para pensos. Na lista de espera, hai 27 demandas de autorización para novos organismos manipulados xeneticamente, das cales seis serían para alimentos e 21 para pensos.

A Ministra segue sen recibir ao SLG tras un ano de goberno

Esta actitude supón un desprezo contra o 25% dos labregos e labregas de Galiza que apoiaron ao sindicato

A pesares de que o Sindicato Labrego lle solicitou formalmente ao Ministerio de Agricultura un encontro con Elena Espinosa, polo de agora non se dignou a organizalo. E xa vai un ano de goberno. É a primeira vez que

acontece isto, algo que non sucedera cos anteriores titulares de Agricultura. Nunha rolda de prensa, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, criticou esta actitude, que pouco ten que ver cun "talante" cacarexado de máis.

Na rolda de prensa, Lidia Senra foi clara: "un ano despois, parece que un dos eixes nos que se asenta o goberno PSOE, o do "talante", aínda non foi captado pola Ministra de Agricultura, Elena Espinosa".

Senra facía esta afirmación "porque nos últimos días estamos asistindo ao bochornoso espectáculo no que -organizacións agrarias coma o SLG, que representa ao 25% dos labregos e labregas de Galiza, ou a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) que representa case ao 40% dos votos dos labregos e labregas do Estado- nos temos que decatar do que se está cocendo no Ministerio de Agricultura sobre o sector lácteo a través dos medios de comunicación. Sector que, dito sexa de paso, segue sendo crucial para o agro galego e para Galiza".

Estas críticas tiñan que



Lidia Senra e Gómez Santiso tiveron que convocar unha rolda de prensa para facer chegar á Ministra as propostas do SLG

ver coas reformas que o PSOE está preparando para o sector lácteo, e que se fixe-

ron públicas na prensa en forma de rumores antes de seren anunciadas oficial-

mente polo Goberno, e sen haber un diálogo previo coas organizacións agrarias.

O SLG denunciou que "esta non é a forma de traballar dun Goberno que se considera dialogante e democrático", e que "a señora Elena Espinosa, segundo din galega, é a primeira Ministra que, despois de case un ano gobernando e sen ter dado aínda ningún tipo de explicación, non escoitou as posicións do SLG". En relación a esta queixa, cómpre lembrar que o Sindicato Labrego foi recibido por todos os titulares do Ministerio de Agricultura ao pouco de comezar a gobernar e, en repetidas ocasións, para tratar temas puntuais. Pola contra, a pesares de terllo solicitado oficialmente, Elena Espinosa non se reuniu co SLG no ano que leva como Ministra.

O Goberno bota abaixo a Lei de Arrendamentos Rústicos do Partido Popular

O 18 de marzo, o Consello de Ministros aprobou o proxecto de Lei de Arrendamentos Rústicos, que introducirá importantes modificacións na normativa aprobada polo PP neste eido hai agora un ano.

Un dos trocos máis importantes foi o de poñer uns límites máximos de terras en aluguer para evitar a acumulación de terras en mans dun só arrendatario.

Ademais, para promover a mobilización de terras e recursos agrarios, ampliouse o período mínimo de duración mínimas dos contratos de arrendamento de tres a cinco anos, cumpríndose así unha das reivindicacións da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) e do SLG nesta materia.

O texto establece que poderán ser arrendatarios, ademais de labregos e labregas, as cooperativas agrarias, as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as sociedades agrarias de transformación e as comunidades de bens.

O SLG fóra moi crítico cos trocos introducidos polo PP nesta materia na pasada lexislatura.

Sete terratenentes españois recibiron 14 millóns de euros da PAC no 2004

A Organización Non Governamental Intermón fixo público un informe, durante o mes de marzo, no que denunciaba os fortes desequilibrios que se producen no reparto das axudas da Política Agraria Común (PAC).

Así, o informe -titulado "Goliat contra David"- destaca que o 82% dos agricultores e agricultoras españois reciben tan só o 24% das axudas; mentres que un 3'2% formado por especuladores, grandes empresas e familias de terratenentes, quédansen co 40% das subvencións.

O informe di que sete grandes propietarios en España recibiron axudas da Unión Europea por máis de 14 millóns de euros en 2003, o mesmo que tiveron que

repartirse as 12.700 explotacións agrarias máis pequenas do Estado, ou o equivalente á renda anual de 90.000 labregos e labregas en Mozambique.

As inxustas regras comerciais, coma o desequilibrio de axudas da PAC, condenan á pobreza a 900 millóns de labregos e labregas dos países en desenvolvemento, que sofren o impacto das exportacións subvencionadas e non poden garantir a seguridade alimentaria da súa poboación.

No Estado Español, os principais beneficiados son xente coma os irmáns Domecq, que cobraron da PAC 3.608.000 (máis de 600 millóns de pesetas) euros no 2003, ou a Duquesa de Alba, que ingresou polo mesmo

concepto 1.885.000 euros (máis de 300 millóns de pesetas).

As outras grandes beneficiadas das axudas da PAC son as transnacionais. Entre as empresas mellor subvencionadas atópase Ebro Puleva, a sexta empresa agroalimentaria da Unión Europea, que recibiu da PAC, en 2003, 20'4 millóns de euros polas súas actividades no sector do azucre e do arroz (entre estas actividades atópase a transformación, comercialización e exportación de azucre; ademais, a compra de Riviana posibilitará que Ebro Puleva cobre tamén subsidios de Estados Unidos, onde a media das subvencións agrícolas achégase aos 200.000 dólares).

Datos coma os devanditos



Os Duques de Alba son dos máis beneficiados pola PAC, levándose máis de 300 millóns de pesetas dos nosos impostos

son de extrema gravidade, sobre todo se temos en conta que, entre 1999 e 2003, desapareceron no Estado Español 37.000 explotacións

labregas, mentres que 304 terratenentes e grandes empresas españolas recibiron unha media de 398 millóns de euros cada unha.

O viño galego en breves

Fouce inaugura neste número unha nova sección fixa centrada no viño

Monterrei

► **Só entraron 1.300.000 quilos de uvas amparadas** na Denominación de Orixe no ano 2004, o que supón menos do 10% do que se produce en todo o Val de Monterrei. Na feira, os visitantes pagaron un euro por copa, o que demostra a inxusta desvalorización de moito viño elaborado polos colleiteiros.

► **Parcelaria en Verín:** O SLG tense dirixido varias veces á delegación de Agricultura en Ourense para saber das intencións que a Xunta ten nas tres zonas de concentración parcelaria en Verín. Polo de agora, só hai un compromiso verbal de que se vai informar do estado vitícola dos afectados para arrancar de xeito ordenado os viñedos vellos e facer a reestruturación.

O SLG demandou que as axudas permanezan máis alá do 2006 e que se desenvolvan plans colectivos por parroquias para proxectos de vinificación.

► **Seguen marchando dereitos a outras zonas de Galiza:** Dende Monterrei seguen a marchar dereitos cara a fóra, xa que segue habendo especulación. O SLG defende que sexan abolidas as transferencias privadas entre particulares e se opte por unha xestión pública dos dereitos.

► **A aprobación da Arauxa como variedade autorizada en Monterrei aínda non está incluída na reestruturación do viñedo.** A recente aprobación da variedade Arauxa ou Tempranillo non despexa dúbidas, xa que non está recoñecida como variedade preferente na reestruturación do viñedo. Non hai un plan para recuperar a autóctona Arauxa (a maioría das plantacións en Monterrei teñen Tempranillo de Castela e da Rioxá). O SLG traballará a prol do desenvolvemento da Arauxa de Monterrei.

Ribeira Sacra

► **A colleita do 2004 bateu marcas** na Denominación Ribeira Sacra: case cinco millóns de quilos entraron nas adegas. Segue a preocupación polas dificultades crecentes das adegas pequenas pola competencia desleal de viños alleos e de pésima calidade que se consumen en Galiza e que están practicando *dumping* (vender por baixo dos custes de produción).

Ribeiro

► **Continúan os abusos na compra de uva.** Antes tardaban un ano en pagar; agora tardan máis, e as cotizacións seguen baixando dende que finou o último contrato do 2001. A uva Xerez cotiza a menos de 50 céntimos, e pola Treixadura algunha adega pagou menos dun euro.

O problema é que doce adegas fan o que lles peta e non queren saber nada de contratos. Estas adegas adoptan actitudes case mafiosas, pagando prezos de amigo a provedores e enviando cartas nas que ameazan con non recoller máis.

► **Unha nova cooperativa sae á luz no Ribeiro:** A Cooperativa de San Roque de Beade presentará os seus novos viños na

vindeira Feira do Ribeiro, polo que se dá por concluída a primeira etapa de constitución desta entidade que, en menos de dous anos, xa elabora e embotella coa materia prima de case cen socios e socias.

Valdeorras

► **Forte ritmo de reestruturación do viñedo.** Dende o ano 2000 ata hoxe, reestruturáronse en Valdeorras 306 hectáreas de viñedo, principalmente coas variedades Mencía (203 hectáreas) e Godello (97 ha).

Non se pode dicir que os datos sexan satisfactorios. A superficie de viñedo adscrita a Valdeorras ascende a 1.300 hectáreas, cunha produción por variedades na vendima do 2004 na que as protagonistas volveron ser a Garnacha, de Alacante; e a Palomino, de Xerez.

Rías Baixas

► **Campaña informativa do SLG en Rías Baixas para demandar a negociación de contratos de compra de uva.** O SLG denunciou a pasividade da Administración por non ter convocado a mesa do viño, a pesares da reunión co delegado de Política Agroalimentaria do 14 de outubro. Daquela, todo quedou en boas palabras, pero aínda non se fixo nada.

Por estes motivos, o SLG editou un bando onde denunciou que, sendo o Rías Baixas o segundo viño máis caro de España, chegou a pagar a menos dun euro o quilo de uva Albariño na vendima pasada. Mesmo entraron uvas sen prezo.

► **23 millóns de quilos de uva entraron nas adegas na vendima do 2004:** Foi a cifra oficial, xa que a produción real foi maior. Houbo un aumento de máis do 1000% en menos de dez anos na Denominación de Orixe. ¿Que pasará a partir de agora? As políticas de ampliación para favorecer ás grandes plantacións das multinacionais ou dos avogados non mellorarán as nosas expectativas.

► **Polémica inxustificada co Ribeiro:** O SLG fixo público o seu abraio diante da polémica do Albariño que se está a elaborar no Ribeiro. Para o SLG, esta reacción vén do nerviosismo dalgunha xente pola pésima xestión en Rías Baixas. Os inimigos están a moitos quilómetros de Galiza: son as multinacionais de California, Chile, Australia, etcétera.

Barbanza

► **O SLG participou nos debates sobre o futuro vitivinícola do Barbanza:** Co gallo da constitución dunha Asociación de Viticultores en Boiro, o SLG reuniuse coa xente do sector para avaliar perspectivas futuras. O SLG desexa que o proceso de organización do sector marque o seu propio ritmo e se poñan enriba da mesa as posibilidades que hai ante a nova Lei do Viño de Galiza.

O SLG mantén que debe haber posibilidades para todas as comarcas vitivinícolas de Galiza para amparar as súas producións.

TRADICIÓN e TECNOLOXÍA

por Francisco Xosé Núñez Sánchez,
vocal do Consello Regulador da DO Valdeorras

Hai poucos meses, unha revista especializada no mundo do viño publicaba unha entrevista a René Renou, presidente do venerable INAO (*Institute National des. Appellations d'Origine*). Tan acreditado personaxe afondaba na crise da viticultura francesa, apostando por establecer un diálogo aberto coa finalidade de poñer en marcha as reformas necesarias para que o exceso de oferta a nivel mundial, cos chamados viños do novo mundo, non siga incidindo tan negativamente no mercado dos caldos franceses.

Con notable lucidez, e facendo gala da súa experiencia, Renou afondaba na concepción francesa do viño, de base histórica e cultural, concepto este que está sendo desprazado por un máis pragmático que procede do ámbito anglosaxón. Por exemplo, para un norteamericano o viño non é cultura, xa que solo busca un produto agradable para acompañar os filetes á grella. O director do INAO recoñecía un certo chauvinismo na viticultura francesa e auguraba que, se seguían pensando que eran os máis guapos e fortes, extinguiríanse coma os dinosauros. Pero, ao mesmo tempo, tampouco era partidario de adaptarse ao mercado anglosaxón e traizoar as súas raíces.

Todo este interesantísimo debate xurde de algo tan vivo e polémico como é a busca do equilibrio entre tradición e tecnoloxía. Os avances da chamada enxeñería enolóxica non se poden desligar dos logros científicos en materias relacionadas, xa que se trata dunha evolución continua e progresiva ligada aos campos da química, microbioloxía, microelectrónica, física de materiais, etcétera. As solucións tecnolóxicas ás demandas da viticultura e da enoloxía evolucionaron nos últimos anos de forma inimaxinable, de tal xeito que as adegas semellan, a miúdo, laboratorios de alta tecnoloxía, aínda que seguen mantendo por estética, que non por necesidade, o aspecto de espazos dedicados máis á contemplación que a elaboración.

Utilizar técnicas de osmose inversa para eliminar o exceso de auga e obter mostos máis concentrados xa non é ciencia ficción, senón máis ben unha controvertida realidade. Algúns artigos que circulan pola rede apuntan que, polo menos, o 50% das máis prestixiosas adegas e "cru classé" de Burdeos utilizan algún método para deshidratar os mostos, como a crio-extracción ou a osmose inversa, principalmente en vendimas chuviosas.

Os modernos métodos de estabilización e filtrado tamén están a crear controversias na enoloxía: ¿canto extirpamos das calidades dun viño despois dun filtrado estéril ou dunha centrifugación?

A micro-osixenación, a utilización de levaduras foráneas, os taninos en po, as encimas para potenciar calidades organolépticas, as xa sofisticadas labras de carballo, en parte causantes da competitividade en prezo dos viños australianos... Moitos consideran que algúns destes procesos ou manipulacións son simplemente para agachar unha falta de calidade na materia prima inicial: a uva. Pero tamén está claro que a demanda e certo tipo de hábitos de consumo teñen igualmente parte de influencia.

¿Que está pasando co viño moderno? ¿Cales son as prácticas admisibles na elaboración do viño? Por pouco que se analice a situación, enténdense lóxicas as preocupacións de René Renou. O consumidor, non necesariamente moi especializado, fala de viños naturais ou viños artificiais. A alternativa dunha viticultura sostible que conxuga tradición cultural e vinícola cunha produción integrada do viñedo, posiblemente non será competitiva en prezo, pero si pode aportarlle ao consumidor un produto interesante e diferenciado. Hai que recoñecer que a viticultura ecolóxica e a biodinámica están captando certo prestixio en Europa. ¿Serán esas as alternativas? O debate queda aberto.

Clodomiro Montero Centrón, afiliado ao SLG e viticultor do Ribeiro “A Xunta está a financiar adegas que comercializan viños alleos coma galegos”

A Clodomiro Montero, viticultor afiliado do SLG, o viño do Ribeiro zumégalle por todos os poros. Non dubida en afirmar que potenciándoo ben, o val do Ribeiro podería dar un dos mellores brancos do mundo. Con el

falamos da problemática e das esperanzas desta Denominación de Orixe, dende a dilatada experiencia de quen, antes de plantar viñas, xa foi mestre para adultos analfabetos, panadeiro e granxeiro de Coren.

■ Como foi a súa experiencia de vir ao Ribeiro para dedicarse á viticultura despois de traballar en Coren?

Virme ao Ribeiro foi un reto profesional, e tamén un xeito de facer solidariedade cunha terra asoballada, pero facéndoa dende a práctica, nada de teorías, senón levando á práctica un proxecto empresarial, plantando una viña nun monte, demostrando que o Ribeiro é unha das zonas de Galiza que se debe recuperar custe o que custe, porque é un dos vales máis feraces e fermosos, pero tamén dos máis abandonados de Galiza.

■ Segundo vostede, cales son os principais problemas do Ribeiro?

O Ribeiro ten dous problemas fundamentais. O primeiro é o envellecemento da poboación, que é consecuencia dunha serie de circunstancias propias dun país pobre coma o noso, coma o minifundio feroz



Clodomiro ve como principais problemas do Ribeiro o minifundio, o envellecemento da poboación e a actitude da Xunta

que hoxe fai inviable e intraballable a terra.

Por outra banda, temos outro problema gravísimo, e

é que a Xunta de Galiza, por poñer un exemplo, está financiando adegas para comercializar viños alleos. Eu

creo que esas adegas tiñaas que financiar o Ministro Bono, pero nunca Manuel Fraga.

Non podemos esquecer que cando Fraga veu á democracia dende o fascismo, e os primeiros apoios públicos que tivo en Galiza foron os dos matuteiros e os contrabandistas de tabaco. Daquela el pagou, e segue a pagar hoxe, unha peaxe a eses matuteiros que están masacrando o Ribeiro, e que non son nin a doce familias. É dicir, doce familias contra 3.000 labregos e labregas.

■ Acaba de dicir que hai adegas do Ribeiro que comercializan viños de fóra...

Efectivamente. Falo de viños que veñen de fóra, pero que se comercializan con nomes galegos con absoluto consentimento de todas as autoridades habidas e por haber e pasando todo tipo de inspeccións.

Na denominación de orixe de Rías Baixas non hai ningunha adega que teña a carón súa unha adega de matuteiro, como ocorre aquí con todos os almacenistas principais, que teñen unha adega legalizada no Ribeiro, e teñen outra adega legalizada de matuteiro. A consecuencia directa disto é que, cando vas a Madrid ou Barcelona, vénchenche o viño turbio.

Todo isto é público e notorio. É público e notorio que en Santiago estase a vender como Ribeiro viño que non é do Ribeiro nin ten denominación de orixe.

Daquela, volvendo ao que dicía antes, se xuntamos unha poboación moi envellecida cun minifundismo atroz; e que as institucións non só non axudan, senón que poñen atrancos, a saída do Ribeiro é moi difícil.

Cursos, viaxes e feiras

■ Viaxe a Gordoncillo (León) o 16 de abril.

O SLG do Ribeiro organiza unha viaxe a Gordoncillo, a 67 quilómetros de Benavente, para visitaran experiencias asociativas en viticultura e vinificación.

A inscrición é de 12 euros, e hai que anotarse nos teléfonos 630 970 131 ou 639 218 525. As persoas interesadas tamén poden inscribirse no local do SLG en Ribadavia.

■ Curso de cata en Valdeorras (Ourense) do 19 ao 29 abril.

Hai que notarse no local do SLG do Barco de Valdeorras, ou no teléfono 699 924 634.

■ Xornadas do Viño en Ribadavia (Ourense).

Comezan o vindeiro 7 de maio. Hai que anotarse no local do SLG de Ribadavia, ou nos teléfonos 639 218 525 ou 630 970 131.

■ Curso de viticultura en Vilaquinte (Carballo, Lugo).

Hai que anotarse no local do SLG en Chantada, ou chamando ao 666 935 548.

■ Xornadas do Viño en Ribadumia (Pontevedra)

Hai que anotarse no local do SLG en Ribadumia, ou chamando ao 699 924 630.

■ Próximos cursos para manipulador e aplicador de fitosanitarios.

En maio haberá este curso en Castro Caldelas e Leiro (Ourense); Cambados, Oia e Tui (Pontevedra); e en Chantada (Lugo). Máis información nos locais do SLG ou nas en Extensión Agraria.

■ Feira do Viño do Ribeiro (do 29 abril ao 1 de maio).

■ Mostra de Viño en Arbo e Festa da Lamprea (23 e 24 de abril).

“No Ribeiro poderíamos facer un dos mellores brancos do mundo”

■ Está a pintar un panorama moi pesimista. Algunha esperanza haberá...

Home, si. Eu creo que é absolutamente viable. Nós temos un val no que podemos recuperar 3.000 ou 4.000 hectáreas. Estao demostrando, por exemplo, a Cooperativa do Ribeiro, plantando no monte comunal de Ventosela e nalgún máis; aí sería doado crear 3.000 ou 4.000 postos de traballo.

■ Daquela, teñen aquí un grande potencial para crear traballo.

O que é evidente é que neste mundo non todos podemos ser celadores da residencia ou empregados da Deputación de Ourense. Ten que haber outras alternativas, e unha alternativa absolutamente viable é a do Ribeiro. Unha noite, ceando nun restaurante das Rías Baixas, invitei a un amigo de Madrid a un viño dunha coñecida adega do Ribeiro e quedou absolutamente conmocionado. Tratábase, dende logo, do viño dunha adega que está facendo as cousas ben. Non teño porque

dicir o nome, pero podería ter sido o viño de Vilerma, Coto de Gomariz ou os de alta gama da Cooperativa do Ribeiro.

■ ¿E a Xunta a que espera para poñer isto a funcionar?

Aquí non loitamos só contra os elementos, senón contra o PP, e a loita seguirá sendo moi dura senón cambian as circunstancias. Iranse facendo cousas moi puntuais, pero será moi difícil que a maioría do Ribeiro saia para adiante porque non xera suficientes recursos.

Para darlle a volta ao tema, necesítanse axudas institucionais e, sobre todo, controis. Se houbese controis, podería ser que ata o Ribeiro se dese defendido só. Hoxe que hai axudas para todo e que as institucións públicas, sobre todo a Unión Europea, están a dar unha cantidade inxente de cartos, era o intre de recuperar o Ribeiro e de facer con esas 5.000 hectáreas que poderíamos aproveitar, posiblemente, un dos mellores viños brancos do mundo.

Mulleres do SLG festexan o 8 de marzo na parroquia fradense de Galegos

María do Carme Ferreiro relata para Fouce a crónica das vivencias no Día da Muller Traballadora

Xa pasou un ano dende que estivemos en Lesta, e volveu chegar outro 8 de marzo, Día da Muller Traballadora. Desta vez, xuntámonos no local social do Pazo de Galegos, en Frades. Eran

as dez e media da mañá, e xa deixáramos o traballo feito nas nosas casas. En Galegos estaban Pepa, Fina, Carmiña e Mercedes esperándonos no local que tiñan adornado con moi bo

gusto, cun cartel na porta que poñía "Aquí estamos" e nos invitaba a entrar. Ían chegando as mulleres e recibíamos un agarimo: unha flor de cor violeta que poñía segunda festa das mulleres.

No centro da flor aparecía o noso nome: Consuelo, Rosa, Xosefa, María, Carme, Maruxa, Mercedes, Rosalía, Tareixa, Bea, Concha... e así ata preto das sesenta mulleres que estiveron na festa. Viñeron compartir este día con nós mulleres de Muxía. Moitas coñecíanse do ano pasado ou doutros actos na comarca, e tiñan ganas de verse, abrazarse, falar, rir.

Marisol, a de Añá, fixo a presentación dicindo que, en moitos lugares, eran moitas as mulleres que celebraban o Día da Muller ese 8 de marzo. Logo, as súas compañeiras de Añá-Xulia, Edita e Concha-fixeron un xogo para presentarnos.

Despois, chegou o traballo por grupos. Cada un tiña unha moderadora e animadora para dar resposta a dúas preguntas:

1. ¿Que xente, que cousas, que situacións che están impedindo valorarte como muller?
2. ¿Que xente, que cousas, que situacións che están axudando a valorarte como muller?

Nos impedimentos sinalamos o machismo, as aparencias parvas que da vida, as diferencias salariais entre homes e mulleres, as moitas veces que oímos que somos burras, a desconfianza na palabra dunha muller, cando estamos enfermas ou temos dor non contamos igual cós homes, a dobre xornada laboral, a menor liberdade, o machismo das aldeas e entre nós mesmas, o entorno, o qué dirán, a desconfianza en nós mesmas crendo que somos máis débiles, con máis depresións a pesares de saber que temos máis responsabilidades, máis cargas e levamos a vida para diante.

Pero tamén foron moitas as anotacións feitas no



No Día da Muller en Galegos combináronse traballo e ocio a partes iguais

encerado da valoración. Varios grupos coincidiron en que a independencia económica é un feito moi importante á hora de valorarnos, ter o carné de conducir, crer en nós mesmas, ver e saber como noutros sitios hai mulleres traballando e dando pasiños por conseguir a igualdade e un mundo máis xusto; ter en conta que as

mulleres temos moitas responsabilidades; o moito que nos axudan estas xuntanzas de mulleres que organiza o SLG e toda a formación que recibimos: cada vez estamos máis formadas e calamos menos.

Mercedes de Reboredo dicía que "ao saír moito, xa non nos fai falta crema para as engurras".

A importancia de ir aprendendo a querernos, escoitarnos e a valorarnos.

Unha vez pasado este intre, fixemos un pequeno exercicio que consistía en pisar e patear todos os impedimentos na nosa valoración e, pola contra, estírnolos e acoller as valoracións positivas dos nosos pasiños que como mulleres imos dando.

Xantar, baile, e unha roda para coller forza ata a vindeira xuntanza

Entre risa e risa, e o conto de Xan Lanas que contou Consuelo de Reboredo co seu bastón na man, chegou a hora de comer. A comida foi compartida. Trouxemos as cousiñas que temos na casa: o chourizo, o xamón, salchichón, empanada, tortillas...

As mulleres de Galegos fóronse, e non nos demos conta ata que apareceron con dúas palleiras cheas ¡Que rico estaba ese arroz! Foi un intre moi bonito.

Mercedes Lavandeira dicía que "ver tantas mulleres xuntas é unha marabilla; o xantar así compartido é moi bonito e axuda a valorar o que temos e o que producimos". Tamén engadiu que "a festa estivera moi ben" e que "non había home ningún e estábamos libres como os paxariños".

Chegou o café, outra vez as mulleres de Galegos nos invitaron, e tamén chegaron todos os doces que, con agarimo, fixemos para compartir. ¡Cantas cousas sabemos facer as mulleres! Entre conto e conto, entre

chiste e chiste, e tamén algunha adiviña, deron as catro da tarde e aínda tiñamos que bailar, cantar e tocar a pandeireta.

Rosa de Reboredo comezou a cantar, e Esther de Beán tocou a pandeireta. Había moitos anos que non tocaba, pero fíxoo moi ben. Cando remataron, aplaudimos porque estábamos contentas e alegrámonos de estar alí, de compartir eses momentos.

Algunhas mulleres comezaban a mirar o reloxo porque tiñan que volver a casa, ao traballo, ao coidado dos fillos e das persoas maiores; en fin, a ocuparse de todas esas tarefas que sempre recaen nas mulleres.

Para despedirnos e reforzarnos, fixemos o Xesto de Empoderamento: puxémonos en roda e collémonos das mans para darnos forza, para sentirmos preto unhas das outras, para querernos.

Cando marchabamos, algunhas mulleres despedíronse dicindo "D'hoxe nun ano, e antes moitas veces"

As moitas valoracións da Coordinadora

A Coordinadora das Mulleres en Ordes está formada por Marisol de Añá, Pepa de Galegos, Aurita de Queixas, Carme de Bean; e Tareixa, Bea e María, traballadoras do SLG.

► **Pepa** comentou que as súas compañeiras de Galegos se sentían con responsabilidade ante a festa, que formaban parte dela.

► **Marisol** dixo que a acollida fora moi boa, con flores, con caramelos e con moito agarimo.

► **Carme** opinou sobre a importancia que teñen os xogos, xa que axudan a que nos abramos e a relacionarnos. As mulleres que proban, repiten. Engadiu que foi un detalle que viñesen as compañeiras que estaban en Santiago.

► **María** dicía que foi un momento de moita alegría ver a mulleres que coñecemos a ano pasado e que este ano repetiron.

► **Tareixa** valorou moi positivamente o reparto de responsabilidades da Coordinadora da Muller.

► **Bea** dixo que as mulleres de Muxía quedaron moi contentas, que marcharon con bo sabor de boca

► Para **Aurita**, todo estivo moi ben.

50vos (e 2)

No anterior Fouce iniciabamos unha análise da produción ecolóxica de ovos, centrando o traballo nas instalacións para criar galiñas. Neste número, rematamos a información falando da adquisición e coidado

das galiñas, e dos custes cos que hai que contar para manter que a actividade sexa rendíbel. Finalmente, achéganse os requisitos necesarios para inscribir unha explotación destas características no Craega.

Unha vez que temos a nave, debemos pensar nas galiñas. De momento, non existen que cando as merquem sexan ecolóxicas; só deben ter mes e medio en conversión antes de poder vender os ovos. Neste tipo de produción ecolóxica profesional, o mellor é mercar razas produtivas de ovos. No período de conversión xa comezan a poñer, pero non imos poder vender os ovos ecolóxicos por estar en conversión, e porque non darán o peso mínimo para vendelos.

É recomendábel repoñer as galiñas ao cabo dun ano en produción, aproveitando a ocasión para facer limpeza e desinfección da nave (baleiro sanitario). Hai produtos ecolóxicos para desparasitar se se fan necesarios, tanto para os parasitos internos coma para os externos. A mortalidade, se temos un

pouco coidado, é mínima.

Na alimentación, se facemos esta cantidade de investimento, non podemos xogar tentando elaborar nós mesmos unha ración equilibrada. O mellor é mercar directamente un

penso ecolóxico para galiñas, que vai ser completo e cos correctores autorizados.

As galiñas necesitan 120 gramos de penso ao día. Se consumen máis, estaremos a facer un mal manexo, e cómpre ter coidado, pois as

marxes nas que nos movemos para a rendibilidade son estreitas. Con esta alimentación, e sen complementos, (que veñen no penso), temos que acadar unha produción dun 85% das galiñas que teñamos.

Requisitos esixidos polo Craega para a produción avícola ecolóxica

■ Carga gandeira:

- Producción ovos: 230 galiñas por hectárea (43.47 m² por galiña)
- Producción carne: 580 pitos por hectárea (17.24 m² por galiña)

Non embargante, sería suficiente cunha parcela de 8 m² por galiña ou pito, na que habería que rotar os animais (pódense ter dúas parcelas con 4 m² por galiña ou pito, nas que rotar), e o resto de superficie para cumprir a carga gandeira. En caso de non dispor da superficie, pódese contratar con outra explotación ecolóxica á que se deberían transportar as dexeccións das instalacións dos animais; ou inscribir outras parcelas propias ás que trasladar as dexeccións, xa que a razón desta carga gandeira é non pasar o límite de nitróxeno no chan. A superficie pode terse repartida. Tamén se pode empregar esta superficie para cultivar alimento para as galiñas.

■ Superficie das instalacións:

- Producción ovos: 6 galiñas / m²
- Producción pitos: 10 pitos / m²

Para ter rendibilidade cómpren boas instalacións e un bo manexo

Por ultimo quedanos por plasmar os datos económicos, pero isto é bastante difícil, só imos poñer algún dato actual, e despois que cada un faga os seus calculos.

Neste tipo de granxa, non podemos pensar na venda directa (ou si), polo que non necesitamos solicitar rexistro sanitario, o que nos obrigaría a outro investimento. Así, teremos que venderlle a unha distribuidora.

Hoxe estase a pagar a ducia de ovos a 1,5 euros entregados na granxa. Temos que contar só con este ingreso, porque aínda que cada ano sacamos as galiñas para introducir outras, a venda de carne temos que contar que é cero.

Os custes variables, sen contar o gasto en luz, podemos reducilos á compra de galiñas, que ascende a 5,4 euros por galiña, aproximadamente (3 euros de custe e 2,4 euros de ali-

mentación ate poder vender os ovos); a isto habería que engadirle o penso, que nos sae sobre 22,6 euros galiña ao ano.

Daquela, temos un custe variable de 28 euros ano por galiña. Se conseguimos o 85% de posta, teremos 25,85 ducias de ovos a 1,5 euros cada unha, ingresando por galiña 38,77 euros, co que nos queda unha marxe de 10,77 euros por galiña para cubrir os custes fixos (man de obra, máis amortización do investimento).

As cantidades que necesitamos para amortizar van depender do custe da nave e do mobiliario interior do galiñeiro. Teñen distinto custe os bebedeiros e comedeiros se son automáticos ou manuais; acontece o mesmo cos niños, dependendo de se teñen automatizada a recollida de ovos ou se hai que facela manualmente.

Na man de obra, ao ser unha ac-

tividade que non esixe esforzos físicos nin mentais, tamén vai depender co que contemos; está claro que se dispoñemos de man de obra familiar gratis (unha persoa xubilada que nos axude, por exemplo), podemos prescindir de automatizar.

En resume, para facer rendíbel esta actividade é fundamental ter boas instalacións, un bo manexo (alimentación, temperatura, humidade e non provocar estrés) e, despois, que non nos suba o penso ou que non entre unha transnacional no mercado tirando os prezos dos ovos.

De calquera xeito, se dispoñemos de diñeiro, é dicir, se temos capacidade financeira (porque vendimos a cota do leite, por exemplo) imos ter moitos menos problemas que se temos que endebedarnos. Polo momento, o mercado de ovos ecolóxicos non esta saturado; se alguén se mete, que teña boa sorte

O Ministerio de Agricultura pon fin á fraude que usaba os termos “eco” e “bio”

A Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, anunciou no Congreso dos Deputados que o Goberno vai modificar o Real Decreto 1852/93 para responder á obriga normativa, establecida pola Unión Europea, sobre a produción ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

Na actualidade, o Real Decreto que regula en España a indicación sobre produción ecolóxica, limita a protección das mencións “eco” e “ecolóxico” a estes produtos, e permite o libre uso doutras mencións, tales coma o termo “bio”.

A normativa comunitaria establece que as marcas que conteñan os termos “biolóxico” e “orgánico” -incluíndo os seus derivados, apócopes e diminutivos-, e que designen produtos que non veñen da produción ecolóxica, terán un prazo transitorio para adaptarse á legalidade. Ese prazo será ata o 1 de xullo de 2006.

Polo tanto, con este decreto os termos biolóxico, ecolóxico, orgánico, e os seus diminutivos, quedarán limitados aos produtos obtidos en conformidade coa produción ecolóxica.

Dende o SLG coordinarase a asistencia ás feiras Biocultura e Fira Natura

Dende o Sindicato Labrego Galego vaise coordinar a asistencia ás feiras sectoriais Biocultura (Barcelona, do 6 ao 9 de maio), e Fira Natura (Lleida, do 22 ao 24 de abril).

Se queres viaxar con outros afiliados ou afiliadas para compartir gastos coma o transporte, podes chamar ao teléfono fixo 981 554 147, ou ao móbil 699 963 270, e preguntar por Silvia, que dará a información as persoas que teñen pensado viaxar á Cataluña con motivo dos eventos devanditos.

A data límite para poder chamar será de catro días antes do comezo de cada feira.

Amplíase o prazo para solicitar as axudas da PAC ata o vindeiro 29 de abril

O Diario Oficial de Galiza publicou a Orde do 10 de marzo de 2005 pola que se prorroga o prazo de presentación das solicitudes de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria, establecido pola Orde do 24 de xaneiro de 2005.

O prazo previsto no artigo 4.1º da Orde do 24 de xaneiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia nº 19, do 28 de xaneiro), pola que se regulan as solicitudes, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria, e se establece o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas en Galiza, para a presentación das solicitudes de axudas por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún, prima láctea e indemnización compensatoria, **prorrógase ata o 29 de abril de 2005, inclusive.**

Axudas para a defensa e prevención dos lumes forestais en montes veciñais

Orde do 16 de marzo de 2005 pola que se establecen axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común.

As actividades que se van subvencionar serán: realización de rozas mecanizadas de faixas auxiliares de pista e cortallumes; xornada de traballo do persoal integrante das cuadrillas de prevención; adquisición de ferramentas de prevención: (motorrozadoras); compra de ferramentas de defensa contra incendios; adquisición de batelumes; adquisición de vestiario ignífugo; adquisición de caixa de primeiros auxilios; aluguer de vehículo todoterreo de transporte ou operatividade de vehículo todoterreo propio; aluguer de vehículo todoterreo equipado para a prevención e defensa de incendios ou operatividade deste, no caso de ser propio; operatividade de tractor con cisterna; manguera para tractores con cisterna. **Solicitudes ata o 8 de maio de 2005.**

Axudas para reestruturación e reconversión do viñado ata o 31 de maio de 2005

Orde do 23 de marzo de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se convocan para o ano 2005.

Para poder acceder a estas axudas, deberánse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 5 de setembro de 2000 (DOG nº 175, do 8 de setembro) pola que se establecen as condicións de concesión de axudas para os plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galiza.

Estas axudas teñen por finalidade incentivar os plans de reestruturación e reconversión do viñado para adaptar a produción á demanda do mercado con algunha das accións seguintes:

- a) Reconversión varietal.
- b) Reimplantación de viñedos.
- c) Melloras das técnicas de xestión do viñado.

As **solicitudes** de axuda presentaranse **entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2005.**

Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

Orde do 8 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para o ano 2005. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas deste programa as cooperativas e sociedades laborais que teñan o seu domicilio ou centros de traballo de Galiza e/ou os seus socios traballadores ou de traballo.

Tipos de axuda: para a adquisición da condición de socio traballador; pola incorporación de socios traballadores ou de traballo; para a contratación de directores ou xerentes. subvención financeira; subvención directa para a adquisición de inmovilizado material ou inmaterial; axuda excepcional para o inicio da actividade.

O **prazo** para a presentación de solicitudes de axudas do programa finalizará o **30 de setembro de 2005.**

Axudas á mellora de explotacións e para a instalación de moz@s

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias e se convocan para o ano 2005.

Aínda que rematou o primeiro prazo, **segue aberta a convocatoria para os casos de primeiras instalacións de moz@s motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria; ou por falecemento, xubilación ou invalidez do titular, ata o 30 de novembro.**

Fomento do asociacionismo agrario e do redimensionamento empresarial

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galiza.

As actividades subvencionabeis serán estudos de viabilidade, memorias técnicas, estudos socioeconómicos, auditorías e balances de fusión, programas de investimentos e actividades e outros informes necesarios para avaliar a constitución de novas entidades asociativas e procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa que se leven a cabo, así como os gastos de asesora-

mento e elaboración de estatutos, tramitación, notario e demais gastos administrativos iniciais.

A contía poderá chegar ata o 80% destes gastos, cun límite máximo de 24.000 euros. Ningún beneficiario poderá recibir axudas por máis de 100.000 euros nun mesmo período de 3 anos.

Tamén se financiarán investimentos que realicen as entidades asociativas para favorecer a transformación e/ou comercialización das súas producións, e para a ampliación e diversificación produtiva e a conservación do ambiente.

O prazo para rematar os procesos de fusión termina coa finalización do exercicio en curso.

Axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria

Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se regulan as solicitudes, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria e se establece o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas en Galiza.

O prazo para a presentación das solicitudes de axuda por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún, prima láctea e indemnización compensatoria, finalizará o día 11 de marzo de 2005.

Ademais do anterior:

- a) As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2005.
- b) As solicitudes de primas ao sacrificio presentaranse dentro dos catro meses seguintes á data de sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos:
 - a) Do 1 ao 31 de marzo de 2005.
 - b) Do 1 ao 30 de xuño de 2005.
 - c) Do 1 ao 30 de setembro de 2005.
 - d) Do 1 de decembro de 2005 ao 15 de xaneiro de 2006.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando nos programas de erradicación de enfermidades animais para 2005.

Poderán ser beneficiarios os titulares dos animais que se sacrifiquen por resultar reaccionantes ás probas diagnósticas de tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos.

O **prazo de presentación** de solicitude será ata o **21 de novembro de 2005.**

Axudas á compra de gando para restituir animais mortos en sacrificio obrigatorio

Orde do 21 de decembro de 2004 pola que se regulan axudas para a compra de gando bovino para repoiar as reses de sacrificio obrigatorio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais

O prazo de presentación de solicitudes para esta liña de axudas estará vixente ata o **21 de novembro do ano 2005**.

Axudas para implantar a recollida de subprodutos animais nas explotacións

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para a implantación dun sistema de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias. Estas axudas van destinadas ás explotacións de gando porcino, avícola e cunícola; e ás explotacións de ovino e cabrún

Prazo ata o **30 de xuño de 2005**.

Axudas para paliar os danos económicos producidos polo lobo sobre o gando

Poderanse acoller a estas axudas @s propietarios@s de reses das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. Os danos deberán ser comunicados antes de que transcorran 24 horas desde o ataque.

Solicitudes ata o **25 de outubro de 2005**.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

pa TENIAS semiova, acoplada a Massey Ferguson.

Chamar a partir das 22:00 horas ao teléfono 981 896 668.

Véndese

motocultor.

Chamar ao teléfono 986 571 176

Véndese

vacas e becerras limusinas de todas as idades, en Xermade (Lugo).

Chamar ao 609 864 738

Véndese

vacas e xovencas inscritas no libro xenealóxico da raza rubia galega, en Cabreiros, Xermade (Lugo).

Chamar ao 699 290 176

Véndese

sala de muxido marca WESFALIA con 4 puntos, 2 medidores, descargue e lavado automático.

Tanque de frío de 650 litros marca JAPI. En Vilalba (Lugo).

Chamar ao 982 527 406

Véndese

tractor JONH DEERE modelo 2.140.

Chamar ao 981 787 639.

Véndese

cabuxas de reposición, en Xermade (Lugo).

Preguntar por Fermín no 679 890 628.

Véndese

sistema de rego: motobomba e tubos de 4 polgadas.

Chamar polas noites ao 981 896 668. Preguntar por Xosé Manuel

Véndese

segadora rotativa DEUTHZ FAHR de 1'97 metros de ancho de traballo. Semiova.

Chamar ao 981 788 210. Sábados e domingos

Véndese

invernadoiro de 6 x 15 metros, en boas condicións.

Chamar ao 982 243 894.

Véndese

circuíto de muxido marca GAS-COIGNE-MELOTTTE con lavado automático de 4 puntos e con opción a 6. Catro anos de uso, en bo estado e a prezo económico.

Chamar ao 635 793 613.

Véndese

tractor JONH DEERE con dobre tracción e segadora BCS semiova.

Preguntar por Agustín nos teléfonos 982 153 182, 981 196 883 e 679 966 032.

Véndese

8 vacas, con 8 crías, 6 xatas preñadas e 1 touro, tod@s de raza caldelá.

Preguntar por Pepe nos teléfonos 988 268 928 e 647 913 285

Véndese

vacas frisonas por cese de actividade.

Chamar ao mediodía e preguntar por Xabier no 982 207 733.

Véndese

tractor BELAROS con cabina acristalada. 75 cv con tracción. 730 horas de traballo.

Preguntar por Alfonso no teléfono 687 356 242.

Véndese

circuíto de muxido ALFA LAVAL de tres puntos con retiradores. Catro anos.

Tanque ALFA LAVAL de 630 litros.

Chamar ao 637 545 179

Véndese

tanque FONTSERE de 640 litros en Xermade.

Chamar ao 982 177 878

Véndese

unha vaca de raza frisona (pai e nai con carta xenealóxica), próxima ao parto.

Chamar ao 981 793 506

Véndese

empacadora con encarte de 1'80 metros.

Chamar ao 986 755 262

Véndese

herba seca en paca grande, en Outeiro de Rei (Lugo).

Chamar ao 982 393 241

Véndese

40 rulos de herba seca en O Corgo (Lugo).

Chamar ao 982 176 748

Véndese

Rolos de silo de herba da campaña pasada.

Preguntar por Martín nos tfños. 982 144 102 e no 626 309 186

Véndese

vacas frisonas.

Chamar ao 982 164 477

Véndese

pacas de palla grandes de 80x90x2'30.

Chamar ao 988 454 936

Véndese

invernadoiro multitúnel de 1.500 metros cadrados, con catro anos de uso. Fabricado por Invernadoiros TRIGO.

Preguntar por Basilio no teléfono 655 969 680

Véndese

motor para bombear auga. Diesel de 6 cv.

Motocultor con segadora.

Chamar ao 660 734 075

Véndese

picador KROHNE semiova.

Chamar ao 982 164 443.

Véndese

tractor SAME 96 CV.

Preguntar por Manolo no teléfono 616 495 975

Véndese

coche MERCEDES 190 2.5, con cambio automático, extras completos. 11 anos.

Preguntar por Daniel Otero Costa no 636 680 519

Véndese

ensiladora CLAAS 695 Mega. Cabezal KEMPER, dobre tracción.

Chamar ao 619 301 049

Véndese

autocargador MAGAL, de 22 metros, 5 coitelas e descargue hidráulico.

Dúas rodas de tractor 16-9-R30 MICHELIN radial. Medio uso.

Chamar ao 982 160 266

Véndese

furgoneta CITROËN C15 mixta, con espazo para pasaxeiros e carga. Matrícula C-9077-BG.

Chamar ao 981 196 783

Véndese

encintadora MASCAR.

Chamar ao 699 039 979 ou ó 982 508 137

Véndese

tractores agrícolas de importación con garantía.

Chamar ao 606 616 139 (Deza)

Véndese

rolos de herba seca e silo en Lagoa (A Pastoriza).

Chamar ao 982 164 443

Véndese

vacas de raza frisona por abandono. A bo prezo.

Preguntar por María Luz Leiras no 981 195 323.

Véndese

tractor 515 con remolque

Dúas xovencas de raza cruzada

Preguntar por Xurxo no teléfono 659 659 418

Véndese

picador MENGELE de 32 metros cúbicos. Semiova, con dúas campañas.

Herba seca.

Chamar ao 982 528 123 ou ó 676 128 939

Véndese

rolos de herba seca e silo en Cospito (Lugo).

Chamar ao 982 177 004

Véndese

picadora de millo e herba JOHN DEERE 5820, con cabezal para herba e millo de catro regos.

Chamar ao 647 564 946

Véndese

tractor JOHN DEERE 3650.

Chamar ao 647 402 748.

COMPRAS

Mércase

rotativa de 2'40 ou 2'60 de corte.

Chamar ao 600 382 949

Mércase

touro de carne.

Chamar a Pilar ao 981 195 485

Mércase

segadora pequena, con peite entre 0'90 e 1'20 metros.

Chamar ao 988 208 099

Mércase

remolque homologado para coche.

Chamar ao 982 441 370, a partir das 20:30 horas

OUTROS

Necesítase

xente para traballar con tractores no Concello de Ordes (A Coruña).

Interesa@s chamar ao teléfono 619 301 049

Regálanse

cachorros de raza Pastor Alemán.

Chamar ao 982 154 865.

Precísase

persoa para traballar en invernadoiros de flor na zona de Oleiros.

Preguntar por Fran no teléfono 696 967 369

Búscase

traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgas (Ourense).

Chamar ao 686 304 617

Búscase

traballador/a para explotación de ovino en Maceda (Ourense).

Chamar ao 988 438 605

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Elías Somoza Regueiro, produtor de leite e membro da Executiva do SLG

Elías Somoza comezou a súa relación co Sindicato Labrego a comezos dos noventa, nunhas mobilizacións motivadas por uns impagos de Larsa. Daquela era un mozo de 17 anos. Xa en 1997, participou nas primeiras eleccións á Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega. Actualmente, compaxina o seu traballo nunha explotación láctea familiar, cunha vintena de reses alimentadas en pastos naturais en San Pedro de Froián (Sarria), co de responsábel do SLG na zona. No sexto Congreso foi elixido membro da súa Executiva.

“Cómpre poñerlle couto aos transxénicos ou teremos outra crise das vacas tolas”

■ Vostede foi o encargado de ler o relatorio no Congreso da Carne, hai un ano. ¿Cambiaron dende aquela as cousas para o sector?

Os prezos neste último ano non foron para arriba, mesmo chegaron a sufrir baixadas importantes, situándonos a un nivel semellante ao da crise das vacas tolas. Máis ca nada, estamos a sufrir as consecuencias das diversas reformas da Política Agraria Común (PAC), que sempre trouxeron canda si unha baixada nos prezos de intervención da carne.

Ademais, temos tamén presións que veñen do mercado internacional. Neste senso, estamos moi pendentes duns acordos que a Unión Europea vai asinar con Mercosur.

■ ¿Notouse en algo no sector o troco de Conselleiro e de Ministra dende aquela?

Cambios políticos si que os houbo, pero case non se notaron; non influíron nin de xeito positivo nin de xeito negativo. As cousas seguen como estaban.



Elías Somoza comparte a súa actividade sindical co traballo nunha explotación láctea familiar

“É inadmisíbel que dividan a Suprema na IXP Ternera Gallega para crear outra categoría”

■ ¿Como está a situación de Ternera Gallega?

Ternera Gallega segue a ter os mesmos problemas que tiña, cunha forte presión do cebo industrial dentro da IXP. Un dato relevante respecto disto é que no último ano, o 60% da carne certificada pola IXP saíu de cebadeiros, namentres que só o 38% veu de explotacións tradicionais e acadou a cualificación de Suprema. O SLG sempre defendeu o modelo de produción labrega fronte ao dos cebadeiros industriais.

Os prezos aos que se vendeu a carne co selo de Ternera Gallega tampouco foron bos, e non hai grandes diferencias entre os valores que acada a carne de cebadeiro e a Suprema.

Para poñer máis difíciles as cousas, séguese a falar da creación dunha terceira marca que dividiría ao sector de Suprema: Tradición Familiar, promovida pola Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (Acruga), na que se esixirían unhas características xenéticas moi especiais das reses.

Pódese mellorar en Suprema ou cambiarlle o nome, pero a creación dun terceiro distintivo dividiría ao sector de Suprema e, polo tanto, debilitaría máis fronte aos cebadeiros.

■ ¿Que cambios pensa que se deberían realizar nesta Indicación Xeográfica Protexida?

Dende o SLG recoñecemos que se poden mellorar algúns aspectos da Suprema, en aspectos como a idade das reses sacrificadas ou a raza. Pero, dende logo, parécenos inadmisíbel que se poida dividir a Suprema creando unha nova categoría dentro dela.

“A forestación de terras agrarias só favorece os intereses da celulosa ENCE”

■ ¿Está superada a crise das vacas tolas, tal e como proclaman unha e outra vez dende a Xunta?

As consecuencias ímolos seguir pagando. De feito, pagámolas día a día, cos custes dos tratamentos dos materiais específicos de risco (MER), as taxas sanitarias, e outros custes aos que se lles está a facer fronte dunha maneira ou outra e que son practicamente inútiles.

Tanto o anterior Ministerio coma o actual, prometeron que ían suprimir estes gastos, pero levamos un ano coa nova Ministra, e o anterior esgotou o mandato, e o certificado ante mortem segue a estar na mesma situación.

■ Aínda que as fariñas cárnicas están prohibidas, semella que se estenderon os pensos transxénicos.

A crise das vacas tolas debería ter servido para que se puxesen uns aco-

tamentos na alimentación animal. A día de hoxe, o Sindicato Labrego xa leva moitos anos cunha loita en canto á prohibición dos transxénicos, e aínda non están superados. Hoxe, o meirande das fábricas de pensos están a utilizar compostos transxénicos. Aínda non existe unha intención clara de apostar por unha alimentación de calidade. Cómpre poñerlle couto a esta situación ou, ao cabo duns anos, podemos volver sufrir un problema como o da crise das vacas tolas.

Non se trata de volver ao pasado, pero si de recuperar a imaxe das vacas pacendo, que hoxe se ve case como ridícula fronte aos grandes cebadeiros e as granxas. En Galiza temos unhas condicións óptimas para todo tipo de agricultura en base á terra. Cuns programas axeitados da Consellaría de Política Agroalimentaria poderíase po-

tenciar este tipo de alimentación natural do gando, que lle aforrará moitos cartos ás explotacións gandeiras e, ao mesmo tempo, se estaría a fomentar unha agricultura de calidade.

■ O malo é o difícil que está acceder á terra.

Si, o da terra é un problema gordo, sobre todo para a xente nova. As políticas de forestación de terras agrarias que levo a cabo a Xunta aínda coutaron máis esas posibilidades de poder acceder á terra. Esas políticas só favoreceron os intereses das grandes industrias da celulosa, especialmente de Ence.

A agricultura galega será realmente competitiva se produce en base á terra; no intre que perde a súa base territorial para traballar cun modelo agrícola máis intensivo, a produción perde calidade e capacidade para competir.